



**CONCELLO DE VIGO**  
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

**Expediente: 10681/407**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE REDACCIÓN DO  
PXOM E ACTUALIZACIÓN CARTOGRÁFICA DE VIGO”**

**ASISTENTES:**

Presidente: M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Vocais: José Riesgo Boluda, Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo  
Olga Gómez Corbal, Interventora adxunta  
Rubén Pérez Correa, Concelleiro do grupo municipal Marea  
Miguel Fidalgo Iglesias, Concelleiro do grupo municipal PP  
Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos centrais  
Elena Ares Salgado, Técnica de Admón. Xeral  
M<sup>a</sup> Luisa Sobrino del Río, Arquitecta xefa da área técnica  
Susana Rivadulla López, Arquitecta xefa da Delg. Urbanismo da Xunta en Pontevedra

Secretaria: Purificación Vega Rubio, Xefa da oficina

**DATA:** 2 de agosto 2018

**HORA:** 9,30 horas

**OBXECTO:** Avaliación das subsanacións presentadas, unha en relación co Sobre A do Lote I, e dúas subsanacións en relación co Sobre B do Lote II. Apertura do Sobre B do Lote I “Cartografía”

**LUGAR:** sala de xuntas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sendo as 9,40 horas estando presentes os membros da Mesa de Contratación arriba sinalados, existindo quorum suficiente, iníciase a reunión.

**1. APROBACION DO ACTA ANTERIOR**

Apróbase por maioría o acta da sesión de data 26 de xullo de 2018

**2. AVALIACIÓN DAS SUBSANACIÓNS PRESENTADAS**

O xefe dos Servizos Centrais, informa que presentada en prazo a documentación requerida ás empresas Hemav-Technology, S.L, Ute Victor García Oviedo e BCN ecología Agencia d'ecología urbana de Barcelona e a Ute Urbanismo Dixital Vigo, compróbase que é correcta, polo que se admiten a totalidade das ofertas.

**3. APERTURA DO SOBRE “B” LOTE I CARTOGRAFIA**

*Luisa Sobrino del Río*

*[Handwritten signature]*

*[Handwritten signature]*



**CONCELLO DE VIGO**  
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Servizos Centrais

**Expediente: 10681/407**

A continuación, procédese a apertura do Sobre B das ofertas presentadas no Lote I. A documentación do sobre B, presentarase segundo o indicado na cláusula 14.b).

Admítense a totalidade das ofertas, salvo as presentadas polas empresas:

1. Informática El Corte Inglés, S.A.
2. Compass Soluciones de Ingeniería y Arquitectura, S.L.P. e Soluciones y Proyectos de información, S.L.
3. Hemav-Technology, S.L.

A Mesa acorda requerirles, para que no prazo de tres días naturais, presenten declaración escrita na que se indique que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre "B". Dita declaración deberá ser asinada por persoa con poder de representación acreditado e, no caso de UTE, deberán presentar unha por cada entidade integrante da futura UTE.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por finalizada a reunión ás 10,30 horas do día arriba sinalado.

  
  
